

## NOTA DE PRENSA

### **Posición do Colexio de Traballo Social de Galicia ante o Proxecto de Orde que desenvolve o novo Decreto de atención á Dependencia**

- ***O COTSG Critica a Prioridade das Prestacións Económicas sobre os Servizos Públicos no Novo Decreto de Dependencia***

---

**Santiago de Compostela, 06 de agosto de 2024.-** O Colexio de Traballo Social de Galicia manifesta a súa profunda preocupación e presenta unha serie de alegacións respecto ao novo Proxecto de Orde que desenvolve o Decreto de Dependencia da Xunta de Galicia, destacando a necesidade urxente de reformar e fortalecer o sistema de dependencia na nosa comunidade. A continuación, expóñense os puntos críticos que consideramos fundamentais para a mellora do sistema:

#### **Investimento en Servizos Públicos: unha necesidade imperativa**

A nosa entidade subliña a necesidade urxente de investir estrutural e transversalmente nos servizos públicos. Non só é esencial mellorar os equipos e as prestacións, senón tamén contratar profesionais capacitadas/os que aseguren o bo funcionamento do sistema. Actualmente, os servizos sociais comunitarios están sobrecargados con tarefas administrativas que non lles corresponden, o que impide unha atención adecuada á poboación dependente.

#### **A carencia de Persoal Especializado**

Outro aspecto crítico é a falta de persoal cualificado nos servizos especializados. A escaseza de profesionais técnicos impide resolver expedientes a tempo, coordinarse eficazmente cos servizos básicos e adaptarse ás necesidades cambiantes das persoas dependentes. É imprescindible incrementar o número de profesionais técnicos e restablecer reunións periódicas de coordinación para mellorar a eficacia do sistema.

#### **Atención Personalizada**

A lei de autonomía persoal resalta a necesidade dunha atención individualizada, centrada na persoa. Isto é practicamente inviable nos grandes municipios debido á sobrecarga de traballo e a falta de recursos. A atención personalizada debería ser unha prioridade, garantindo que cada persoa reciba a axuda específica que necesita.

#### **Prestación Económica de Oficio: Unha medida inaceptable**

A asignación automática de prestacións económicas sen solicitude previa é inaceptable e contravén a lei estatal, que prioriza os servizos sobre as prestacións. É imprescindible que se respecte o espírito da normativa estatal, que establece que a atención das persoas en situación de dependencia debe prestarse preferentemente a través de servizos públicos. Só no caso de non ser posible, podería considerarse unha prestación económica. Esta situación actual deixa ás persoas dependentes nunha situación de indefensión e non aborda as súas necesidades reais.

## **Problemas nos Tempos de Espera e Xestión Administrativa**

Os tempos de espera para o cambio de PIA e a resolución de expedientes son excesivamente longos, ao redor dun ano, o cal é insostible. A Orde prioriza a xestión administrativa sobre a atención centrada na persoa, comprometendo a calidade do servizo e a rapidez na resolución de expedientes.

## **Necesidade de Simplificar o Informe Social**

Actualmente, este documento é excesivamente longo e detallado, o que contribúe a aumentar a carga burocrática e retarda o proceso. Suxírese unha redución na extensión do informe social, enfocándose nos aspectos realmente esenciais para a valoración da situación de dependencia.

En conclusión, desde o Colexio de Traballo Social de Galicia instamos ás autoridades competentes a considerar estas alegacións para mellorar o sistema de dependencia na nosa comunidade. É imprescindible acometer reformas precisas que axilicen os trámites e implementar medidas urxentes para paliar o sufrimento e o abandono das persoas máis vulnerables do noso país. Solicitamos un incremento **urxente do reforzo dos Equipos de Dependencia do Servizo para garantir unha valoración integral de calidade e dentro dos prazos establecidos na normativa.**

+ información ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia 981568100